| B4.9  | QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.   | Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.  | Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de algúns composto de interese industrial.   | Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de algúns composto de interese industrial.  |  |  | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS:<br>Exame.<br>Caderno de clase.<br>Rúbrica. | CMCCT                      |
| B4.10 | QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.  | Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.  | Valora a repercusión da síntese orgánica na calidade de vida.  | Valora a repercusión da síntese orgánica na calidade de vida.   |  |  | X | PROCEDEMENTOS:<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS:<br>Caderno de clase.<br>Rúbrica.                               | CMCCT,<br>CSC              |
| B4.11 | QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan. | Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan. | Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.). | Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico.  |  |  | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS:<br>Exame.<br>Caderno de clase.<br>Rúbrica. | CMCCT,<br>CSC              |
| B4.12 | QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.   | Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.   | Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía.                         | Recoñece as vantaxes e posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento de compostos orgánicos de aplicación en diversos sectores. |  |  | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>Análise das producións dos alumnos/as.<br>Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS:<br>Exame.<br>Caderno de clase.<br>Rúbrica. | CMCCT,<br>CSC,<br><br>CCEC |

**LEENDA COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

|              |  |
|--------------|--|
| <b>CCL</b>   | <b>Comunicación lingüística</b>  |
| <b>CMCCT</b> | <b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía</b> |
| <b>CD</b>    | <b>Competencia dixital</b>   |
| <b>CAA</b>   | <b>Competencia aprender a aprender</b>                                       |
| <b>CSC</b>   | <b>Competencias sociais e cívicas</b>  |
| <b>CSIEE</b> | <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>                          |
| <b>CCEC</b>  | <b>Conciencia e expresións culturais</b>                                     |

|            |  |
|------------|--|
| <b>CL</b>  | <b>Comprensión lectora</b>                       |
| <b>EOE</b> | <b>Expresión oral e escrita</b>                  |
| <b>CA</b>  | <b>Comunicación audiovisual</b>                  |
| <b>TIC</b> | <b>Tecnoloxías da información e comunicación</b> |
| <b>EMP</b> | <b>Emprendemento</b>                             |
| <b>EC</b>  | <b>Educación cívica</b>                          |
| <b>PV</b>  | <b>Prevención da violencia</b>                   |

**5.6. Ciencias Aplicadas 1 (4ºESO)**

| Criterio de avaliación | Estándares  | Grao mínimo para superar a materia (Indicador mínimo de logro)   |  |  | T 1 | T 2 | T 3  | CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN | C.C. |
|------------------------|---|--|--|--|-----|-----|--|--------------------------------|------|
|                        |   | Escenario Presencial   | Escenario Semipresencial   | Escenario Non Presencial   |     |     |  | Instrumentos de avaliación /   |      |
|                        |   |  |  |  |     |     |  | Procedementos de avaliación    |      |
| FQ-B1.1                | CAAB1.1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.  | Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.  | Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.  | Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.  | X   |     | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.  | CAA, CMCCT                     |      |
| FQ-B.1.2               | CAAB1.2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.  | Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.  | Recoñece as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.   | Recoñece as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.   | X   |     | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.  | CSC, CMCCT                     |      |
| FQ-B1.3                | CAAB1.3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico | Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico | Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico | Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico | X   |     | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática..<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Caderno de clase.   | CAA, CSIEE, CD                 |      |
| FQ-B1.4                | CAAB1.4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico   | Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico   | Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura  | Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura  | X   |     | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.Caderno | CMCT, CAA                      |      |



|         |   |  |  |  |   |  |   |  |                 |
|---------|---|--|--|--|---|--|---|--|-----------------|
|         |   |  |  |  |   |  |   | de laboratorio. Escala de observación.   |                 |
| FQ-B1.5 | CAAB1.5.1. Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.                              | Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.                              | Decide que tipo de estratexia cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.                                       | Decide que tipo de estratexia cómpre aplicar para a preparación dunha disolución concreta.                                       | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva. Caderno de clase.Resolución de exercicios e problemas. | CAA, CMCT       |
| FQ-B1.6 | CAAB1.6.1. Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto                 | Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto                 | Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto                 | Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto                 | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva. Caderno de clase.Resolución de exercicios e problemas. | CAA, CMCT       |
| FQ-B1.7 | CAAB1.7.1. Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.  | Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.  | Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.  | Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.  | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva. Caderno de clase.Resolución de exercicios e problemas. | CAA, CMCT       |
| FQ-B1.8 | CAAB1.8.1. Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.                                  | Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.                                  | Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.                                  | Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.                                  | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva. Caderno de clase.Resolución de exercicios e problemas. | CAA, CMCT       |
| FQ-B1.9 | CAAB1.9.1. Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais. | Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais. | Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais. | Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais. | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva. Caderno de clase.Resolución de exercicios e problemas. | CAA, CSC, CSIEE |
| B1.11   | CAAB1.11.1. Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.  | Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.   | Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.   | Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.   | X |  |   | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.  | CMCT, CCEC      |
| FQ-B2.1 | CAAB2.1.1. Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.  | Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.  | Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.  | Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.  |   |  | x | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.  | CMCT, CSC       |

|         |  |   |   |   |   |  |                       |
|---------|--|---|---|---|---|--|-----------------------|
| FQ-B2.2 | CAAB2.2.2. Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta. | Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta. | Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta. | Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta. | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.  | CMCT, CSC             |
| FQ-B2.3 | CAAB2.3.1. Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.  | Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.  | Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.  | Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.  | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Caderno de clase. Escala de observación. | CSC, CMCT             |
| FQ-B2.4 | CAAB2.4.1. Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.  | Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.  | Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento   | Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento   | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.  | CMCT, CSIEE, CAA, CSC |
| FQ-B2.5 | CAAB2.5.1. Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.  | Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.  | Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.  | Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.  | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.  | CMCT, CSC             |
| FQ-B2.6 | CAAB2.6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.  | Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.  | Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.  | Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.  | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.   | CSC, CMCT             |
| FQ-B2.8 | CAAB2.8.1. Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.   | Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.   | Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.   | Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.   | X | PROCEDIMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Caderno de clase.   | CSC, CMCT             |
| FQ-B2.9 | CAAB2.9.1. Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.   | . Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.   | Formula ensaios para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.  | .Formula ensaios para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.   | X | PROCEDIMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva.  | CSIEE, CMCT           |

|          |  |   |   |   |  |  |   |  |   |                         |
|----------|--|---|---|---|--|--|---|--|---|-------------------------|
|          |  |   |   |   |  |  |   |  | Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.   |                         |
| FQ-B2.10 | CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.  | Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.   | Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.   | Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.   |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas. Caderno de clase.</p> | CMCT, CSC, CCL, CD, CAA |
| FQ-B2.11 | CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.   | Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.  | Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.  | Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.  |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>                      | CSC, CCL, CD, CAA       |
| FQ-B3.1  | CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.   | Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.   | Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación.  | Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación.  |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>                      | CSIEE, CSC              |
| FQ-B3.2  | CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade. | Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade. | Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade. | Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade. |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>                      | CSIEE, CSC              |
| FQ-B3.3  | CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.  | Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.  | Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.  | Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.  |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>                      | CSC, CCL, CSIEE         |
| FQ-B3.4  | CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.  | Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.  | Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.  | Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.  |  |  | X |  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase. CADERNO LABORATORIO</p>  | CAA, CSIEE, CSC, CD     |

## 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso da linguaxe científica.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, de todo tipo de textos e imaxes, en todo tipo de soportes e formatos coa finalidade de promover a comprensión lectora.

Nas actividades reflexionarase sobre o realizado, o que se aprendeu, analizarase a relación coas ideas previas facilitando a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico

Promoverase a integración e uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na aula, como recurso metodolóxico. Na materia de Física e Química pódense utilizar diversos medios audiovisuais, a aula de informática, laboratorio, etc..

### 6.1. Estratexias metodolóxicas

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas basearase nos seguintes principios:

- Ó comezo de cada unidade realizarase unha introdución, destacando as habilidades que se adquiriran ó longo da mesma. Pode resultar moi motivador amosar ó principio da unidade o tipo de problemas que o alumno será capaz de resolver ó final, poñendo de manifesto a complexidade a priori dos mesmos.
- Ó principio daquelas unidades que dependan fortemente de coñecementos previos realizarase unha sondaxe para determinar se o nivel é suficiente e, en caso contrario, tomar unha das seguintes medidas:
  - ✓ Realizar actividades de repaso antes de comezar a unidade.
  - ✓ Aproveitar o momento no que entren en xogo os devanditos coñecementos previos para deterse nos mesmos e aproveitar para repasalos. Esta será a opción preferible, pois a aprendizaxe será sen dúbida máis integrada e significativa.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posible, tratando de que os alumnos interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do libro de texto ou outro material por parte do alumno, estudo a través de contido dixital interactivo, aprendizaxe por descubrimento, etc.
- Ó final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.
- O profesor garantirá que os alumnos coñezan a resolución completa de todas as actividades propostas e que poderán aclarar calquera dúbida ó respecto.
- Realizarase algunhas prácticas no laboratorio e, en función da dispoñibilidade das aulas de informática, de manexo de folla de cálculo ou doutro software para formulación química, estrutura de moléculas., etc

## 6.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Metodoloxía</b>          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A metodoloxía didáctica será fundamentalmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.</li> <li>• A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.</li> </ul> |
| <b>Actividades tipo</b>     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado con algunha avaliación parcial suspensa realizará actividades de apoio e reforzo, mentres que o resto do alumnado levará a cabo actividades de repaso e ampliación. As actividades incluírán: explicacións do docente e realización de exercicios de apoio, reforzo e/ou ampliación.</li> <li>• A valoración e cualificación do aproveitamento destas actividades faranse a través do exame final.</li> </ul>                                    |
| <b>Materiais e recursos</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que os utilizados durante o curso. En todo caso, poderase entregar algún boletín de exercicios adicional.</li> </ul>  |

## 6.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2ª BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Metodoloxía</b>          | <p>A metodoloxía didáctica será fundamentalmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.</p>   |
| <b>Actividades tipo</b>     | <p>O alumnado coa materia suspensa na avaliación ordinaria realizará actividades de apoio e reforzo, mentres que o alumnado aprobado levará a cabo actividades de preparación específica para a ABAU. As actividades incluírán: prácticas de laboratorio, explicacións do docente e realización de exercicios de apoio, reforzo e/ou ampliación.</p> <p>As actividades deste período non son avaliadas para o alumnado aprobado na avaliación ordinaria, xa que esta nota é definitiva e non pode ser modificada.</p> <p>Para o alumnado suspenso na avaliación ordinaria, a valoración e cualificación do aproveitamento destas actividades faranse a través do exame extraordinario.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b> | <p>Os mesmos que os utilizados durante o curso. Poderase realizar algún exame como simulacro para a ABAU.</p>  |

## 6.4. Outras decisións metodolóxicas

Ademais dos principios xerais enumerados no apartado anterior, acórdanse as seguintes medidas concretas:

- **Selección de cuestións para que os alumnos estuden autonomamente.**

Para mellorar a comprensión de textos científicos e impulsar así a autosuficiencia dos alumnos na consulta de dúbidas, seleccionáronse en todas as unidades didácticas algunha cuestión para que os alumnos estuden de forma autónoma a través dun material seleccionado polo profesor. Para esta selección escolleráronse epígrafes concretos do libro de texto (que se considere que están expostos con claridade e son accesibles para os alumnos) ou ben proporcionaráselles un material máis axeitado. Dúas das alternativas para levar a cabo esta medida poden ser:

- ✓ Que o material indicado sexa estudado durante parte da hora de clase de forma individual e despois os alumnos realicen actividades relacionadas. Neste caso, ó final, o profesor pode facer un resumo dos conceptos estudados ou ben limitarse a aclarar as dúbidas concretas que se susciten.
- ✓ Que o devandito material sexa obxecto de preparación na casa para ser exposto ante o resto do grupo no taboleiro por algún alumno elixido ó chou.

- **Exposicións no taboleiro por parte dos alumnos.**

Procurarase que, de vez en cando, os alumnos preparen e expoñan ante os seus compañeiros, con todo detalle, algún exercicio, demostración ou dedución especialmente interesante e suficientemente asequible. En tales casos anunciarase como mínimo na clase anterior, indicando a cuestión concreta que será obxecto de exposición minuciosa. Insistirase en que os alumnos expoñan de forma didáctica e para iso preparen adecuadamente a intervención.

- **Traballar habitualmente a expresión e a comprensión verbal.**

Constantemente se prestará atención a traballar a expresión e comprensión verbal de conceptos, estratexias e procedementos. Para iso poderase, entre outras cousas:

- ✓ Intercalar de vez en cando algún exercicio, non para ser resolto numericamente, senón para que se describa con palabras a estratexia de resolución.
- ✓ Preguntar de palabra conceptos, procedementos, etc. de forma habitual na clase.
- ✓ Seleccionar de vez en cando algún exercicio para, no canto de corxillo escribindo no taboleiro, facelo de palabra (se cadra, dicindo cales son os resultados intermedios dos cálculos que se escriben, así coma o resultado final). Esta corrección será feita en ocasións polo profesor e en outras por algún alumno.

- **Propoñer a invención de problemas susceptibles de ser resolto coas ferramentas estudadas.**

Con certa frecuencia se propoñerá como exercicio a invención dun problema ou exercicio que se resolva mediante algunha das ferramentas que se están a tratar.

- **Intercalación de actividades de repaso.**

Xunto coas actividades do día, incluírase algunha actividade de repaso de unidades anteriores. Estas actividades serán a referencia para que os alumnos coñezan o tipo de exercicios destas unidades que poderán aparecer nos sucesivos exames.

## 6.5. *Materiais e recursos didácticos*

Dadas as particularidades deste curso académico 2021-22, e en relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente practico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- ✓ Libro de texto:
  - 2º, 4º ESO da Ed. Casals
  - 3º ESO da Ed. Santillana
  - 1º Bacharelato: Sen especificar. O docente responsable poderá escoller un libro en setembro 2022.
  - Química 2º Bacharelato de Baía Edicións
  - Física de 2º Bacharelato: os profesores darán apuntes e aconsellan o libro de Ed Santillana
- ✓ Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- ✓ Calculadora científica.
- ✓ Revistas científicas e xornais.
- ✓ Laboratorio de química.
- ✓ Biblioteca do Centro.

- ✓ Modelos atómicos didácticos.
- ✓ Encerado clásico e encerado dixital.
- ✓ Ordenador e páxinas web relacionadas.
- ✓ Aula virtual.
- ✓ Plataforma Cisco Webex para as clases telemáticas, se fose imprescindible por mor da pandemia.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. *Avaliación inicial*

A avaliación inicial realizarase no mes de setembro e consistirá nunha proba tipo test ou de resposta curta relacionada cos estándares. Tamén pode incluír exercicios de comprensión lectora, capacidade de síntese e análise de textos científicos. Poderase informar as familias dos resultados da primeira proba na primeira reunión coas familias. Unha vez se teñan os resultados da proba poderase adecuar a programación aos coñecementos previos do alumnado.

O procedemento de avaliación empregado basearase na adquisición dos conceptos físicos e químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Como consecuencia dos resultados da avaliación inicial, estableceranse medidas individuais ou colectivas que contribúan á adecuación dos procesos de ensino-aprendizaxe ao nivel real do alumnado., tales como:

- Inclusión de estándares de aprendizaxe do curso anterior, que se sumarían á listaxe do punto 6 da presente Programación. (Incorporación de estándares imprescindibles non adquiridos o curso anterior).
- Repaso ao principio de cada tema de conceptos previos clave.

### 7.2 *Procedemento avaliación. Criterios de cualificación.*

#### 7.2.1. Educación Secundaria Obligatoria (ESO)

Na etapa da Educación Secundaria Obligatoria realizaranse, ao longo de cada curso, tres sesións de avaliación parciais e unha sesión de avaliación final. As actividades de ensinanza manteranse para todo o alumnado ata o 21 de xuño de 2023. Tal e como indica a orde do 20 de Decembro de 2022, a sesión de avaliación final do alumnado de Educación Secundaria Obligatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023, e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación.

En virtude dun acordo ca CCP, aplicarase o seguinte criterio de penalización por faltas de ortografía:

-ESO: 0,05 puntos por falta (incluídos tiles) ata un máximo de 1 punto, non contabilizando as repetidas.

No caso de que un alumno suspenda unha avaliación por faltas de ortografía, os puntos perdidos por esta causa pódense recuperar voluntariamente mediante a actividade de dar, para cada palabra na que se cometeu a falta:

- Definición da palabra.
- Tres palabras da mesma familia léxica.
- Tres oracións onde apareza usada esa palabra.

## FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO

### **A Cualificación das avaliacións parciais**

O alumnado ten dereito a tres avaliacións parciais en unha final. A sesión da 3ª avaliación deberá coincidir temporalmente coa da avaliación final. Non obstante, o docente responsable da materia deberá ter calculadas as notas das tres avaliacións antes do exame final de recuperación.

Considérase que un alumno ou alumna supera unha avaliación cando obteña unha nota mínima de 5 puntos tras aplicar as seguintes porcentaxes:

a) Probas escritas: 70%

Realizaranse, a lo menos, dúas probas escritas por avaliación. Se as probas escritas eliminan a materia examinada, farase a media aritmética das mesmas. No caso de a última proba de cada avaliación abarque toda a materia explicada nesa avaliación, esta proba poderá ser ponderada con ata o 70 % da nota das probas escritas.

b) Prácticas de laboratorio: 15%

Contaremos neste curso cun un docente de apoio para a realización de prácticas de laboratorio, quen proporá, xunto co docente da aula, as experiencias de laboratorio pertinentes, e avaliará este 15 % da nota en base aos informes de prácticas presentados, observación da actitude e aptitude no laboratorio e/ou exame de prácticas (teórico ou práctico).

c) Outros aspectos relacionados coas competencias básicas: 15%

Estes aspectos avaliábelos terán relación coa competencias básicas de:

- Aprender a aprender.
- Competencia social e cívica.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Consciencia e expresións culturais.

En concreto, pódense valorarse aspectos como o traballo diario na clase, o traballo realizado no caderno de clase, a participación cando se realicen algunhas preguntas ou cando se corrixan os exercicios, problemas, actividades, respecto polo profesorado, alumnado e materiais,..., todos eles relacionados coas competencias básicas .

Como instrumentos de avaliación destes aspectos relacionados coas competencias básicas poderase utilizar:

**Folla de seguimento do alumno:** será un documento do profesor para cada alumno no que se recollerán diversos aspectos da actuación diaria deste durante as clases (participación, actitude, realización de actividades propostas).

**Caderno de clase.**

**Traballos presentados:** serán fundamentalmente pequenos traballos de investigación, relacionados coas unidades que se traten, nas que os alumnos aportarán información e respostas sobre o tema elixido.

Con este sistema de cualificación preténdese que o alumnado comprenda que a cualificación global non se corresponde estritamente coa obtida na proba escrita, facéndolle ver a importancia do traballo diario e o carácter construtivo e non sancionador do proceso avaliativo. A avaliación continua terá en conta:

## **B Recuperación das avaliacións parciais suspensas**

Para recuperar unha avaliación suspensa, o alumnado realizará unha proba escrita ao final de cada avaliación ou comezo da seguinte, agás na terceira avaliación, que se recuperará no **exame final de recuperación**. A nota obtida substituirá á nota das probas escritas da correspondente avaliación, sempre e cando mellore a obtida previamente.

Antes do fin do período lectivo (21 de xuño), o alumnado que teña algunha das tres avaliacións parciais suspensas, terá que presentarse a un **exame final de recuperación**. Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspensas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final. O alumnado coas tres avaliacións aprobadas poderá mellorar a súa media cumprindo as condicións que se detallan no seguinte apartado.



## C Nota da avaliación final

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final de recuperación, sempre que isto supoña unha mellora da nota. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo.

Para o alumnado coas 3 avaliacións parciais aprobadas, a nota da avaliación final será, como mínimo, a media aritmética das 3 avaliacións parciais. Este alumnado, poderá mellorar a súa nota final, cun máximo de +1 punto, se se presenta ao exame final de recuperación e mellora a media aritmética das 3 avaliacións parciais.

## FÍSICA E QUÍMICA DE 4º ESO

### A Cualificación das avaliacións parciais

O alumnado ten dereito a tres avaliacións parciais en unha final. A sesión da 3ª avaliación deberá coincidir temporalmente coa da avaliación final. Non obstante, o docente responsable da materia deberá ter calculadas as notas das tres avaliacións antes do exame final de recuperación.

Considérase que un alumno ou alumna supera unha avaliación cando obteña unha nota mínima de 5 puntos tras aplicar as seguintes porcentaxes:

a) Probas escritas: 80%

Realizaranse, a lo menos, dúas probas escritas por avaliación. Se as probas escritas eliminan a materia examinada, farase a media aritmética das mesmas. No caso de que a última proba de cada avaliación abarque toda a materia explicada nesa avaliación, esta proba poderá ser ponderada con ata o 70 % da nota das probas escritas.

b) Outros aspectos relacionados coas competencias básicas: 20%

Estes aspectos avaliábelos terán relación coas competencias básicas de:

-Aprender a aprender.

-Competencia social e cívica.

-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

-Consciencia e expresións culturais.

En concreto, pódense valorarse aspectos como o traballo diario na clase e no laboratorio, o traballo realizado no caderno de clase, a participación cando se realicen algunhas preguntas ou cando se corrixan os exercicios, problemas, actividades, respecto polo profesorado, alumnado e materiais,..., todos eles relacionados coas competencias básicas.

Como instrumentos de avaliación destes aspectos relacionados coas competencias básicas poderase utilizar:

**Folla de seguimento do alumno:** será un documento do profesor para cada alumno no que se recollerán diversos aspectos da actuación diaria deste durante as clases (participación, actitude, realización de actividades propostas).

**Caderno de prácticas do alumno:** onde se describirán e explicarán as experiencias realizadas no laboratorio así como as respostas ás cuestións que sobre elas se formulen.

**Caderno de clase.**

**Traballos presentados:** serán fundamentalmente pequenos traballos de investigación, relacionados coas unidades que se traten, nas que os alumnos aportarán información e respostas sobre o tema elixido.

Con este sistema de cualificación preténdese que o alumnado comprenda que a cualificación global non se corresponde estritamente coa obtida na proba escrita, facéndolle ver a importancia do traballo diario e o carácter construtivo e non sancionador do proceso avaliativo.

### **B Recuperación das avaliacións parciais suspensas**

Para recuperar unha avaliación suspensa, o alumnado realizará unha proba escrita ao final de cada avaliación ou comezo da seguinte, agás na terceira avaliación, que se recuperará no **exame final de recuperación**. A nota obtida substituirá á nota das probas escritas da correspondente avaliación, sempre e cando mellore a obtida previamente.

Antes do fin do período lectivo (21 de xuño), o alumnado que teña algunha das tres avaliacións parciais suspensas, terá que presentarse a un **exame final de recuperación**. Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspensas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas poderá mellorar a súa media presentándose ao exame final de recuperación, segundo as condicións que se detallan no seguinte apartado.

### **C Nota da avaliación final**

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final de recuperación, sempre que isto supoña unha mellora da nota. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo.

Para o alumnado coas 3 avaliacións parciais aprobadas, a nota da avaliación final será, como mínimo, a media aritmética das 3 avaliacións parciais. Este alumnado, poderá mellorar a súa nota final, cun máximo de +1 punto, se se presenta ao exame final de recuperación e mellora a media aritmética das 3 avaliacións parciais.

## **CIENCIAS APLICADAS DE 4º ESO**

### **A Cualificación das avaliacións parciais**

Considérase que un alumno ou alumna supera unha avaliación cando obteña unha nota mínima de 5 puntos tras aplicar as seguintes porcentaxes:

a) Probas escritas e/ou traballos de investigación: 80%

De ser o caso, e se o profesor/a así o decide, as probas escritas poderán ser substituídas pola entrega de traballos de investigación, a realización de prácticas de laboratorio, a exposición de traballos ou similares, etc.

Con este sistema de cualificación preténdese que o alumnado comprenda que a cualificación global non se corresponde estritamente coa obtida na proba escrita, facéndolle ver a importancia do traballo diario e o carácter construtivo e non sancionador do proceso avaliativo.

b) Outros aspectos relacionados coas competencias básicas: 20%

Estes aspectos avaliábelos terán relación coas competencias básicas de:

-Aprender a aprender.

-Competencia social e cívica.

-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

-Consciencia e expresións culturais.

En concreto, pódense valorarse aspectos como o traballo diario na clase, o traballo realizado no caderno de clase, a participación cando se realicen algunhas preguntas ou cando se corrixan os exercicios, problemas, actividades, respecto polo profesorado, alumnado e materiais,..., todos eles relacionados coas competencias básicas .

Como instrumentos de avaliación destes aspectos relacionados coas competencias básicas poderase utilizar:

**Folla de seguimento do alumno:** será un documento do profesor para cada alumno no que se recollerán diversos aspectos da actuación diaria deste durante as clases (participación, actitude, realización de actividades propostas).

**Caderno de prácticas do alumno:** onde se describirán e explicarán as experiencias realizadas no laboratorio así como as respostas ás cuestións que sobre elas se formulen.

**Caderno de clase.**

**Traballos presentados:** serán fundamentalmente pequenos traballos de investigación, relacionados coas unidades que se traten, nas que os alumnos aportarán información e respostas sobre o tema elixido.

## **B Recuperación das avaliacións parciais suspensas**

Para recuperar unha avaliación suspensa, o alumnado realizará unha proba escrita e/ou repetirá os traballos de investigación suspensos na avaliación, a comezos da avaliación seguinte, agás na 3ª avaliación, que se recuperará no exame final de recuperación. As notas obtidas substituirán ás notas equivalentes da correspondente avaliación, sempre e cando mellore a obtida previamente.

O alumnado que teña algunha das tres avaliacións parciais suspensas, terá que presentarse a un **exame final de recuperación** e/ou repetir os traballos de investigación suspensos nas correspondentes avaliacións.

## **C Nota da avaliación final**

Para o alumnado que se presentou ao exame final de recuperación para recuperar avaliacións suspensas, a nota obtida substituirá á das avaliacións suspensas, sempre que isto supoña unha mellora na nota final.

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo.

Para o alumnado coas 3 avaliacións parciais aprobadas, a nota da avaliación final será, como mínimo, a media aritmética das 3 avaliacións parciais. Esta nota poderá ser mellorada mediante as actividades de reforzo e ampliación que estableza o docente, e cun límite de 1 punto.

## **7.2.2. 2º DE BACHARELATO**

A normativa establece que o alumnado de bacharelato terá dereito a tres sesións de avaliación parcial, unha final ordinaria e unha final extraordinaria. A derradeira das tres sesións de avaliación parcial poderá coincidir coa da avaliación final ordinaria.

En virtude dun acordo ca CCP, aplicarase o seguinte criterio de penalización por faltas de ortografía:

-Bacharelato: 0'1 punto por falta (incluídos tiles) ata un máximo de 1 punto, non contabilizando as repetidas.

No caso de que un alumno suspenda unha avaliación por faltas de ortografía, os puntos perdidos por esta causa pódense recuperar voluntariamente mediante a actividade de dar, para cada palabra na que se cometeu a falta:

Definición da palabra.

Tres palabras da mesma familia léxica.

Tres oracións onde apareza usada esa palabra.

## **QUÍMICA 2º BACHARELATO**

### **A. Nota das avaliacións parciais**

A nota de cada avaliación obtérase aplicando as seguintes porcentaxes:

- Probas escritas de carácter teórico ou práctico: 90%.

En cada avaliación realizaranse un ou dous **exercicios de exame parciais** máis un exame global de avaliación, que comprenda toda a materia obxecto da correspondente avaliación. En calquera proba escrita, poderase incluír algunha pregunta das avaliacións anteriores, cun máximo dun 30% da proba. Non se farán recuperacións dos exames parciais, e cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación.

No caso de realizarse un exame parcial e un global de avaliación, o primeiro exame contribúe á nota media das probas escritas cun **30%** e o segundo cun **70 %**. No caso de realizarse dous exames parciais e un global de avaliación, os primeiros exames contribúen a este epígrafe cun **20%** cada un, e o segundo cun **60%**.

Nos exercicios de exame aplicaranse os criterios de corrección das ABAU

- Realización de prácticas e informes de prácticas: 10 %.

No caso de haber un profesor de prácticas, estas serán realizadas e avaliadas por este docente. Se o profesor o profesora da materia non establecese ningunha tarefa avaliable neste apartado ou procedemento para avaliar este apartado, a porcentaxe do 10% podería sumarse á das probas escritas, que acadarían un peso do 100%.

Considerarase como aprobado o alumnado que acade a nota mínima de 5 puntos de media ponderada tras a aplicación das porcentaxes anteriores.

### **B. Recuperación das avaliacións parciais**

Cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación. A nota acadada substituirá á nota das probas escritas da avaliación correspondente a efectos do cálculo da nota media da avaliación ordinaria. Debido ao axustado das datas de fin de curso, o exame de recuperación da terceira avaliación coincidirá co **exame final ordinario**.

### **C. Exame final ordinario**

As datas do Exame Final Ordinario e da correspondente sesión de Avaliación Final Ordinaria, adecuaranse ao calendario das probas ordinarias da ABAU, que este ano 2023 están previstas para o 6, 7 e 8 de Xuño. Antes do Exame Final Ordinario, o docente responsable da materia deberá ter calculadas as notas das tres avaliacións parciais, debéndose presentar a este exame o alumnado con algunha avaliación parcial suspenda.

Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspendas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final.

O docente da materia establecerá os criterios baixo os que o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas se poida presentar a subir nota no exame final ordinario.

#### **D. Nota da avaliación final ordinaria**

A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final ordinario. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo. Se a dita **media é inferior a cinco (5) o alumno ou alumna considerárase non apto**, e terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará as clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e as probas extraordinarias.

#### **E. Avaliación extraordinaria.**

A nota da Avaliación extraordinaria será a obtida nun exame único que abrangue a materia do curso. O exame cualificarase sobre un total de 10 puntos e considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior. O número e extensión das preguntas adaptaranse ao tempo dispoñible e á complexidade das mesmas. A puntuación máxima de cada pregunta estará especificada no exame, ou se entenderá que todas valen o mesmo. Para equilibrar os contidos, as preguntas de cada avaliación sumarán un mínimo de 2,5 puntos e un máximo de 5.

Neste curso 2022/23 a normativa establece que as probas extraordinarias se celebren entre o 19 e o 21 de xuño de 2023, no calendario que estableza a Xefatura de Estudos. A sesión de avaliación extraordinaria terá lugar a partir do 22 de xuño.

### **FÍSICA 2º BACHARELATO**

#### **A. Nota das avaliacións parciais**

A nota de cada avaliación obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

- Probas escritas de carácter teórico ou práctico: 90%.

En cada avaliación realizaranse un ou dous exercicios escritos de exame, e a nota obtida neste apartado será a media aritmética destas probas. Non se farán recuperacións dos exames parciais, e cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación. Nos exercicios de exame aplicaranse os criterios de corrección das ABAU

- Informes de prácticas, participación en clase e outras tarefas: 10 %.

Se o profesor o profesora da materia non establecese ningunha tarefa avaliable neste apartado ou procedemento para avaliar este apartado, a porcentaxe do 10% podería sumarse á das probas escritas, que acadarían un peso do 100%.

Considerarase como aprobado o alumnado que acade a nota mínima de 5 puntos de media ponderada tras a aplicación das porcentaxes anteriores.

#### **B. Recuperación das avaliacións parciais**

Cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación. A nota acadada substituirá á nota das probas escritas da avaliación correspondente a efectos do cálculo da nota media da avaliación ordinaria. Debido ao axustado das datas de fin de curso, o exame de recuperación da terceira avaliación coincidirá co exame final ordinario.

### C. Exame final ordinario

As datas do Exame Final Ordinario e da correspondente sesión de Avaliación Final Ordinaria, adecuaranse ao calendario das probas ordinarias da ABAU, que este ano 2023 están previstas para o 6, 7 e 8 de Xuño. Antes do Exame Final Ordinario, o docente responsable da materia deberá ter calculadas as notas das tres avaliacións parciais, debéndose presentar a este exame o alumnado con algunha avaliación parcial suspensa.

Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspensas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final.

O docente da materia establecerá os criterios baixo os que o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas se poida presentar a subir nota no exame final ordinario.

### D. Nota da avaliación final ordinaria

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final ordinario. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo. Se a dita media é inferior a cinco (5) o alumno ou alumna considerárase non apto, e terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará as clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e as probas extraordinarias.

### E. Avaliación extraordinaria.

A nota da Avaliación extraordinaria será a obtida nun exame único que abranca a materia do curso. O exame cualificarase sobre un total de 10 puntos e considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior. O número e extensión das preguntas adaptaranse ao tempo dispoñible e á complexidade das mesmas. A puntuación máxima de cada pregunta estará especificada no exame, ou se entenderá que todas valen o mesmo, e dependerá da relevancia dos contidos e a súa necesidade para comezar o seguinte curso coa base suficiente. Para equilibrar os contidos, as preguntas de cada avaliación sumarán un mínimo de 2,5 puntos e un máximo de 5.

Neste curso 2022/23 a normativa establece que as probas extraordinarias se celebren entre o 19 e o 21 de xuño de 2023, no calendario que estableza a Xefatura de Estudos. A sesión de avaliación extraordinaria terá lugar a partir do 22 de xuño.

## **FÍSICA 2º BACHARELATO ADULTOS**

### A. Nota das avaliacións parciais

A nota de cada avaliación obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

- Probas escritas de carácter teórico ou práctico: 90%.

En cada avaliación realizaranse un ou dous **exercicios de exame parciais** máis un exame global de avaliación, que comprenda toda a materia obxecto da correspondente avaliación. En calquera proba escrita, poderase incluír algunha pregunta das avaliacións anteriores, cun máximo dun 30% da proba. Non se farán recuperacións dos exames parciais, e cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación.

No caso de realizarse un exame parcial e un global de avaliación, o primeiro exame contribúe á nota media das probas escritas cun **30%** e o segundo cun **70 %**. No caso de realizarse dous exames parciais e un global de avaliación, os primeiros exames contribúen a este epígrafe cun **20%** cada un, e o segundo cun **60%**.

Nos exercicios de exame aplicaranse os criterios de corrección das ABAU.

- Realización de prácticas e informes de prácticas: 10 %. Se o profesor o profesora da materia non establecese ningunha tarefa avaliable neste apartado ou procedemento para avaliar este apartado, a porcentaxe do 10% podería sumarse á das probas escritas, que acadarían un peso do 100%.

Considerarase como aprobado o alumnado que acade a nota mínima de 5 puntos de media ponderada tras a aplicación das porcentaxes anteriores.

#### **B. Recuperación das avaliacións parciais**

Cada avaliación será obxecto da correspondente recuperación. A nota acadada substituirá á nota das probas escritas da avaliación correspondente a efectos do cálculo da nota media da avaliación ordinaria. Debido ao axustado das datas de fin de curso, o exame de recuperación da terceira avaliación coincidirá co exame final do período ordinario.

#### **C. Exame final ordinario**

As datas do Exame Final Ordinario e da correspondente sesión de Avaliación Final Ordinaria, adecuaranse ao calendario das probas ordinarias da ABAU, que este ano 2023 están previstas para o 6, 7 e 8 de Xuño. Antes do Exame Final Ordinario, o docente responsable da materia deberá ter calculadas as notas das tres avaliacións parciais, debéndose presentar a este exame o alumnado con algunha avaliación parcial suspensa.

Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspensas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final.

O docente da materia establecerá os criterios baixo os que o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas se poida presentar a subir nota no exame final ordinario.

#### **D. Nota da avaliación final ordinaria**

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final do período ordinario. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo. Se a dita media é inferior a cinco (5) o alumno ou alumna considerarase non apto, e terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará as clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e as probas extraordinarias.

#### **E. Avaliación extraordinaria.**

A nota da Avaliación extraordinaria será a obtida nun exame único que abranxa a materia do curso. O exame cualificarase sobre un total de 10 puntos e considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior. O número e extensión das preguntas adaptaranse ao tempo dispoñible e á complexidade das mesmas. A puntuación máxima de cada pregunta estará especificada no exame, ou se entenderá que todas valen o mesmo, e dependerá da relevancia dos contidos

e a súa necesidade para comezar o seguinte curso coa base suficiente. Para equilibrar os contidos, as preguntas de cada avaliación sumarán un mínimo de 2,5 puntos e un máximo de 5.

Neste curso 2022/23 a normativa establece que as probas extraordinarias se celebren entre o 19 e o 21 de xuño de 2023, no calendario que estableza a Xefatura de Estudos. A sesión de avaliación extraordinaria terá lugar a partir do 22 de xuño.

### ***7.3. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos***

#### **• ESO**

O alumnado que acade a promoción de curso coa materia de Física e Química do curso anterior sen superar deberá seguir un plan de reforzo, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento deste plan de reforzo, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

“O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.”

Segundo o anterior, a elaboración do plan de reforzo e a avaliación do alumnado coa materia de Física e Química pendente dun curso anterior corresponde ao docente que imparte a materia de Física e Química pendente, baixo as directrices do departamento didáctico. Dado que no presente curso académico haberá clases de recuperación de pendentos de 2º e 3º ESO en horario de tarde, corresponderá a este docente (Xefe do departamento) facer o seguimento do plan de recuperación do alumnado que asista a estas clases.

As cualificacións das distintas avaliacións terán en conta:

- Asistencia regular ás clases de recuperación de pendentos (20%). Dado que estas clases non son obrigatorias, esta porcentaxe só se terá en conta se beneficia ao alumnado; en caso contrario, pasa a engrosar a porcentaxe da proba escrita.
- Entrega de boletíns de exercicios ou traballos de investigación enviados para casa (30%).
- Proba escrita (50%). Farase unha proba escrita por avaliación.

Considerarase aprobado o alumnado que acade un 5 como media aritmética das tres avaliacións. En caso contrario, no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores e que teña algunha das tres avaliacións parciais suspensas, terá que presentarse a un exame final de recuperación. Neste exame, as preguntas estarán agrupadas por avaliacións, de xeito que o alumnado substitúa a nota obtida nas avaliacións suspensas pola nota obtida no exame final, sempre que isto supoña unha mellora na nota media final.

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións, unha vez feitas as substitucións pertinentes das notas obtidas no exame final. Considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior, unha vez realizado este cálculo.



O currículo de referencia a desenvolver para a avaliación de materias pendentes será o reflectido como impartido na Memoria Final do Departamento do curso anterior.

#### • BACHARELATO

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais nas que se fará o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso coa materia de Física e Química de primeiro curso pendente deberá matricularse dela e cursala ao longo do curso. Conforme a isto, e dado que a asistencia ás aulas do alumnado de 2º de Bacharelato pode ser incompatible coa asistencia á materia de Física e Química de 1º Bacharelato, este alumnado terá a posibilidade de recuperar a materia pendente asistindo unicamente aos exames propostos. Neste caso, o docente responsable da materia de Física e Química de 1º Bacharelato propondrá e avaliará un único exame por avaliación, a realizar fóra do horario lectivo baixo a supervisión do Xefe do Departamento. Ao principio de curso, comunicaráse ao alumnado a dispoñibilidade horaria do profesor de 1º de bacharelato e do Xefe do Departamento (titoría de [alumn@s](mailto:alumn@s)) para solucionar posibles dúbidas sobre a materia.

Informarase ao alumnado das datas das probas e o contido das mesmas con antelación suficiente, e facilitaráselle material de traballo para preparamos. O currículo de referencia a desenvolver para a avaliación de materias pendentes será o reflectido como impartido na Memoria Final do Departamento do curso anterior.

A data do exame da terceira avaliación será a principios de maio, para permitir ao alumnado coa Física e Química de 1º de Bacharelato pendente poder aprobar as materias de Física e de Química de 2º de Bacharelato e poder acceder á proba ordinaria das ABAU.

Considerarase aprobado ao alumnado cunha media aritmética das 3 avaliacións de 5 ou superior. En caso contrario, o alumnado suspenso terá que presentarse a un exame extraordinario. A nota da Avaliación extraordinaria será a obtida nun exame único que abrangue a materia do curso. O exame cualificarase sobre un total de 10 puntos e considérase como aprobado ao alumnado que obteña unha nota de 5 ou superior.

## 8. OUTRAS AVALIACIÓNS

### 8.1 *Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*

As ferramentas que permiten unha avaliación continua do proceso son:

- 🕒 As notas de clase obtidas diariamente irán dando unha idea do progreso dos alumnos, e polo tanto, da eficacia da metodoloxía, a tempo para poder actuar.
- 🕒 Polo menos unha vez cara a metade de cada trimestre farase un recuento das notas de clase de cada alumno (e da puntuación provisional que supoñen) e daráselles a coñecer, de xeito que cada un poida avaliar a súa marcha e o profesor teña unha medida individual e de conxunto máis precisa e actuar en consecuencia.
- 🕒 Cada profesor tomará nota de todas as observacións relevantes que se produzan ó longo do proceso referentes a:
  - ✓ Dificultades detectadas na comprensión dos conceptos. Propostas de mellora.
  - ✓ Proposta de novas actividades ou tarefas.
  - ✓ Conveniencia de realizar máis actividades sobre algunha cuestión ou de eliminar outras.
  - ✓ Propostas para mellorar o deseño das unidades didácticas.
  - ✓ Novas propostas metodolóxicas.
  - ✓ Observacións sobre a programación didáctica e propostas de mellora.

Estas observacións e propostas, cando existan, serán tratadas na seguinte reunión do Departamento. De haber acordo ó respecto, poderanse introducir novos acordos metodolóxicos na práctica docente e/ou deixar constancia na acta da reunión, para que sexan tidas en conta para a elaboración da sección "AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS PARA A REVISIÓN" da Memoria Final do Departamento.

A final de curso, no momento da elaboración da Memoria Final do Departamento, realizarase unha avaliación do proceso do ensino e da práctica docente segundo os indicadores de logro que seguen.

|  |        |
|--|--------|
| <b>1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente</b> | Escala |
| (Indicadores de logro)   |        |

| Proceso de ensino:  | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?           |   |   |   |   |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?           |   |   |   |   |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?     |   |   |   |   |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?                        |   |   |   |   |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?         |   |   |   |   |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?         |   |   |   |   |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?          |   |   |   |   |
| 8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?        |   |   |   |   |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?                            |   |   |   |   |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?                               |   |   |   |   |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?                         |   |   |   |   |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? |   |   |   |   |

| Práctica docente:  | 1 | 2 | 3 | 4 |
|--|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado                      |   |   |   |   |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?               |   |   |   |   |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade               |   |   |   |   |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?    |   |   |   |   |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?        |   |   |   |   |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?                                       |   |   |   |   |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?    |   |   |   |   |
| 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe                            |   |   |   |   |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?                 |   |   |   |   |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?         |   |   |   |   |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?         |   |   |   |   |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?         |   |   |   |   |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?   |   |   |   |   |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?  |   |   |   |   |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares            |   |   |   |   |
| 14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ? |   |   |   |   |

## 8.2 Avaliación da programación didáctica

### 8.2.1. Mecanismo de revisión

Todas as reunións ordinarias do Departamento incluírán na súa orde do día o punto “**Consideracións sobre a Programación. Propostas para a revisión**”. Neste punto deixarase constancia de todo o que se queira que sexa tido en conta para a elaboración da sección “**AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS PARA A REVISIÓN**” da Memoria Final do Departamento, que será tida en conta no momento da elaboración da Programación do seguinte curso.

En caso de detectarse algunha desviación significativa respecto ó previsto:

✓ Tomaranse as decisións oportunas para que o impacto na consecución dos obxectivos sexa o menor posible. Estas medidas poden incluír:

- A eliminación para o presente curso dalgún contido dalgunha das unidades, ou reduciilo ó mínimo necesario.
- Reaxustar o número de sesións previstas para as unidades que quedan por traballar.
- ✓ Deixarase constancia das propostas de mellora no punto “Propostas para a revisión da programación” da Acta da reunión.

## 8.2.2. Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

A final de curso, no momento da elaboración da Memoria Final do Departamento, e despois de ter en conta todas as consideracións e propostas das que se deixaron constancia nas Actas das reunións (nas seccións “Consideracións sobre a Programación. Propostas para a revisión” ), realizarase unha avaliación da Programación Didáctica e seguidamente redactarase a sección “PROPOSTAS PARA A REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O PRÓXIMO CURSO” da Memoria Final, que será consultada para a elaboración da Programación do curso seguinte.

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica<br>(Indicadores de logro) | Escala |   |   |   |
|---|--------|---|---|---|
|   | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?           |        |   |   |   |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?               |        |   |   |   |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?          |        |   |   |   |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?                                    |        |   |   |   |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?                          |        |   |   |   |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas                          |        |   |   |   |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?          |        |   |   |   |
| 8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?                      |        |   |   |   |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?                |        |   |   |   |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?                       |        |   |   |   |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?                      |        |   |   |   |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?                                 |        |   |   |   |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?                                      |        |   |   |   |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?        |        |   |   |   |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?             |        |   |   |   |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?                   |        |   |   |   |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?   |        |   |   |   |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.          |        |   |   |   |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación              |        |   |   |   |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?   |        |   |   |   |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?                             |        |   |   |   |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?                      |        |   |   |   |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?                        |        |   |   |   |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?                        |        |   |   |   |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?          |        |   |   |   |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?               |        |   |   |   |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?            |        |   |   |   |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?       |        |   |   |   |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)       |        |   |   |   |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso                                  |        |   |   |   |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?                             |        |   |   |   |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?   |        |   |   |   |

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

Para aqueles *alumnos* para os que se detectara a *existencia de dificultades ou falta de base* elaboraranse boletíns de actividades personalizados, segundo a ocasión o requira, con algún dos seguintes obxectivos:

- Adquirir a base ou o adestramento necesarios nos contidos previos que precisará o alumno para a unidade en curso.
- Reforzar a comprensión ou adestramento nalgúns contidos da unidade actual.

Estas actividades tamén poderán ser seleccionadas do libro de texto, no suposto de que haxa algunhas que se adecúen.

Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixidas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comentan os erros e se lle explican as cuestións nas que se lle detectaran carencias.

No caso da existencia dalgún *alumno con maior capacidade e máis altas expectativas* propoñeráselle, cando haxa ocasión, algunha actividade extra seleccionada para que supoña un reto á medida das expectativas do alumno. Estas actividades serán recollidas polo profesor, corrixidas e devoltas ó alumno ó tempo que se lle comenta calquera erro na resolución e se lle explica a resolución correcta. Así como a participación en actividades como as Olimpíadas de Física ou Química ou os Campos científicos organizados por a FECYT

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se prevé a realización de actividades extraescolares organizadas polo Departameto de Física e Química para o presente curso académico. Iso é susceptible de cambio ou modificación.

## 11. DATOS DO DEPARTAMENTO

### **Cursos a impartir polo noso Departamento**

Esta programación abrangue todas as materias e cursos ao noso cargo, que son:

Cursos 2º e 4º ESO LOMCE

Curso 3º ESO LOMLOE

Curso 1º de Bacharelato - LOMLOE

Curso 2º de Bacharelato - LOMCE

Módulos III e IV da ESA - LOMLOE

### **Composición do Departamento: Este departamento didáctico está formado polos seguintes profesores/as :**

O profesor D. Xosé Carlos González Avión, Xefe de Departamento, asume a quenda de adultos en horario de tarde/noite, coas seguintes materias e carga horaria:

| <b>Materia</b>                 | <b>Curso</b>           | <b>Grupo</b> | <b>Horas/semana</b> |
|--------------------------------|------------------------|--------------|---------------------|
| Xefatura Departamento          |                        |              | 2                   |
| Ámbito Científico-Tecnolóxico  | Módulo 3 e 4 de ESA    | B            | 4                   |
| Física e Química               | 1º Bacharelato Adultos | A            | 4                   |
| Física                         | 2º Bacharelato Adultos | A            | 4                   |
| Química                        | 2º Bacharelato Adultos | A            | 4                   |
| Pendientes de Física e Química | 2º e 3º ESO            | Todos        | 2                   |
| <b>Total</b>                   |                        |              | <b>20 h/semana</b>  |

O profesor D. Manuel Rey López, en quenda de día, impartirá as seguintes materias:

| <b>Materia</b>   | <b>Curso</b>   | <b>Grupo</b> | <b>Horas/semana</b> |
|------------------|----------------|--------------|---------------------|
| Física e Química | 4º ESO         | A, B, C      | 9                   |
| Titoría          | 4º ESO         | A            | 1                   |
| Física e Química | 2º ESO         | D,E          | 6                   |
| Física           | 2º Bacharelato | A            | 4                   |
| <b>Total</b>     |                |              | <b>20 h/semana</b>  |

A profesora Dna. Silvia Díaz Domínguez, en quenda de día, impartirá as seguintes materias:

| <b>Materia</b>               | <b>Curso</b>   | <b>Grupo</b>  | <b>Horas/semana</b> |
|------------------------------|----------------|---------------|---------------------|
| Laboratorio Física e Química | 2º ESO         | A, B, C, D, E | 5                   |
| Reforzo Matemáticas          | 2º ESO         | A, B, C, D, E | 5                   |
| Física e Química             | 1º Bacharelato | A, B          | 8                   |
| Laboratorio Química          | 2º Bacharelato | A             | 2                   |
| Titoría                      | 1º Bacharelato | A             | 0                   |
| <b>Total</b>                 |                |               | <b>20 h/semana</b>  |

A profesora Dna. Renata Calo Lapido, en quenda de día, impartirá as seguintes materias:

| <b>Materia</b>     | <b>Curso</b>   | <b>Grupo</b> | <b>Horas/semana</b> |
|--------------------|----------------|--------------|---------------------|
| Física e Química   | 3º ESO         | A,B, C, D    | 8                   |
| Titoría            | 3º ESO         | C            | 1                   |
| Química            | 2º Bacharelato | A e optativa | 8                   |
| Ciencias Aplicadas | 4º ESO         | optativa     | 3                   |
| <b>Total</b>       |                |              | <b>20 h/semana</b>  |

O profesor D. Jaime Pérez Vázquez, en quenda de día, impartirá as seguintes materias:

| <b>Materia</b>       | <b>Curso</b>       | <b>Grupo</b> | <b>Horas/semana</b> |
|----------------------|--------------------|--------------|---------------------|
| Física e Química     | 2º ESO             | A, B, C      | 9                   |
| Química              | 2º Bacharelato     | B            | 4                   |
| Ciencias Aplicadas 1 | 1º FPB Informática |              | 6                   |
| <b>Total</b>         |                    |              | <b>19 h/semana</b>  |